

Pieris napi (Linnaeus, 1758)

Anxo da colza

Orde:
Lepidoptera

Familia:
Pieridae

Tamaño:
M

Grao de ameaza:

Galicia: nc

España: nc

Europa: nc



DESCRICIÓN E IDENTIFICACIÓN

- **Anverso.** Bolboreta de cor branca e tamaño medio cunha característica mancha gris no ápice das ás anteriores, un chisco máis estendida pola marxe externa da á que pola marxe costal.
- **Reverso.** De cor branca no par dianteiro e levemente amarelada no traseiro, onde as veas vense remarcadas cun salpicado de escamas de cor verde agrisada que a fan inconfundible.
- **Esta especie presenta polifenismo estacional.**
- **Dimorfismo sexual.** Presenta un dimorfismo sexual patente. As femias son máis escuras e presentan dúas manchas negras posdiscais no anverso do par dianteiro, mentres que os machos tan só contan cunha ou mesmo con ningunha.
- **Voltinismo.** Trátase dunha especie polivoltina que pode chegar a voar ata en catro xeracións parcialmente solapadas desde a primavera ata ben entrado o outono.

HÁBITAT E PLANTAS NUTRICIAS

- Zonas húmidas como bosques, ribeiras, marismas, prados e mesmo ruderais.
- As eirugas aliméntanse de moitas especies de brasicáceas como *Brassica nigra* ou *Sisymbrium* spp.

COSTUMES

- Pode chegar a aparearse ao pouco tempo da súa emerxencia.
- Os machos liberan feromonas durante os seus voos para atraer as femias, e no momento da cópula transfírenlles unha sustancia antiafrodisiaca co fin de retardar o máximo posible unha nova cópula da femia e tratar de asegurarse deste xeito o seu éxito reprodutor.
- Pousan tanto coas ás estendidas como repregadas en vertical.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

- Desde América do Norte, ata o norte de África, Europa e Asia, chegando mesmo ata o Xapón.

Texto procedente de: Rodrigo Dapena, J., Fernández-Martínez, M.Á., González Pimentel, S. (2020). Guía de Bolboretas do ENIL Xunqueira de Alba. Ed Concello de Pontevedra e Concellería de Desenvolvemento Sostible e Medio Natural.

Ilustración: Antía Ares Carril